



CONCELLO DE  
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

*Don Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde-presidente do concello de Negreira, na provincia de A Coruña.*

Téndose elaboradas as Bases para a contratación de persoal laboral temporal.- Arquitecto técnico, debido á xubilación do titular de dita praza con data de xuño de 2017

Considerando imprescindible e urgente para o funcionamento do Departamento de Urbanismo deste Concello de Negreira que se cubra dito posto de traballo, debido á relevancia do servizo prestado e ó ámbito que afecta.

Como se citou no parágrafo primeiro, o arquitecto técnico municipal xa non presta servizos neste concello debido á súa xubilación e, polo tanto, dende esa data, non hai persoal municipal que realice nin poida asumir as funcións propias do posto.

Considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar as Bases para a contratación de persoal laboral temporal.- Arquitecto técnico, contidas no Anexo deste Decreto.

**Segundo.-** Que se realicen as actuacións que cumbran de acordo coas Bases indicadas no punto anterior.

Negreira á data da sinatura electrónica  
O alcalde

### **ANEXO**

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.- ARQUITECTO TÉCNICO.-**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO E CARACTERÍSTICAS.-**

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal laboral para ocupar, con carácter temporal, unha praza de **ARQUITECTO TÉCNICO**, na modalidade de contrato de duración determinada que se regula no artigo 15 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

CONCELLO DE NEGREIRA  
Decreto N.º 15/2020 do Concello de Negreira  
Versión imprimible  
FICHA: 11/0272010  
11/02/2020

CVD: wbjKjSgIyBf3gH01ROBr  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

As competencias serán as propias da profesión no ámbito dunha entidade local e máis concretamente as seguintes:

- Informe e tramitación de expedientes de planeamento e xestión urbanística.
- Asesoramento en materia de planeamento urbano e xestión urbanística.
- Información en declaracións de ruina.
- Información en licencias de obras maiores.
- Información en licencias de obras menores.
- Medición e valoración de proxectos da súa competencia.
- Seguimento de obras e instalacións.
- Atención ó público para información urbanística.
- Confección de Proxectos e Memorias valoradas da súa competencia
- Dirección de obras municipais.
- Seguimento de obras municipais, actas e certificacións das mesmas.
- Inspeccións de obras, maiores e menores.
- Expedición de Informes de antigüidade.
- Procedencia de devolución de fianzas.
- Elaboración de proxectos de obras relativas a súa competencia.
- Dirección de obras en materia da súa competencia.
- ReciclaXe e formación no ámbito da súa actividade.
- Outras funcións que lle poidan ser encomendadas dentro do marco do seu posto de traballo.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS PARA A ADMISIÓN Ó PROCESO SELECTIVO.-**

Son os seguintes:

1º.- Nacionalidade española ou estranxeira sempre que se acredite a residencia legal en España.

2º.- Idade mínima: 16 anos. Non se poderá exceder da idade máxima fixada para a xubilación forzosa.

3º.- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

4º.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

5º.- Estar en posesión do título de Arquitectura Técnica.

6º.- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego en situación de demandante de emprego

### **TERCEIRA.- HORARIO E RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS.-**

A xornada de traballo será a vixente nos diferentes departamentos e servizos municipais. A retribución será, durante o exercicio 2020, a razón do importe íntegro establecido no convenio de aplicación.

Verificación de la Firma: 11/07/2020 17:18:00 (FECHA: 11/07/2020 17:18:00)  
Verificación de la Firma: 11/07/2020 17:18:00 (FECHA: 11/07/2020 17:18:00)  
Verificación de la Firma: 11/07/2020 17:18:00 (FECHA: 11/07/2020 17:18:00)

CVD: wbjK0S4yVEF3qH0IR0ER  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



**CONCELLO DE  
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

#### **CUARTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-**

Para a selección actuará unha Comisión que terá a seguinte composición:

##### **PRESIDENCIA:**

Manuel Suárez Bermúdez, arquitecto técnico do Concello de Oroso

##### **VOGALÍA:**

Sonia Nieto López, técnico do Concello de Negreira

Sonia Ponte Esturao, técnico do Concello de Negreira

##### **SECRETARIA ( Actuará con voz pero sin voto):**

Dona Patricia Barreiro Casal, funcionaria do Concello de Negreira.

#### **QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A APORTAR.-**

O Concello de Negreira acudirá ao Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a formulación da pertinente Oferta Pública de Emprego.

Os/as candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, presentarán a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e, no seu caso, dos méritos alegados, en orixinal ou fotocopia compulsada, no Rexistro Xeral do Concello de Negreira no prazo de 5 días hábiles a contar desde a recepción da comunicación do Servizo Público de Emprego.

Xuntarase, igualmente, a declaración xurada que acredite o cumprimento dos requisitos contidos na Base Segunda, punto 3º e 4º.

As solicitudes e documentación anexa presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Negreira ou nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **SÉXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.-**

O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases:

- Concurso.
- Oposición.

**Fase de Concurso.-** Non terá carácter eliminatorio nin será tido en conta para superar a fase de oposición.

Os méritos computables nesta fase e a súa valoración serán os seguintes:

**1.-** Por servizos prestados en calquera Administración Pública, realizando tarefas iguais ou similares ás propias do posto, ata un máximo de 2 puntos: 0'30 puntos por cada mes completo ou fracción superior á 15 días.

(Aportarase certificado de servizos prestados e informe de vida laboral, ou contrato/s de traballo e informe de vida laboral ou calquer outro documento que os acredite formalmente).

2.- Por servizos prestados en empresas privadas, realizando tarefas iguais ou similares ás propias do posto, ata un máximo de 2 puntos: 0´20 puntos por cada mes completo ou fracción superior á 15 días.

(Se aportará certificado de servizos prestados e informe de vida laboral, ou contrato/s de traballo e informe de vida laboral ou calquera outro documento que os acredite formalmente).

3.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou por Entidades privadas competentes, ata un máximo de 2 puntos.

- De 20 horas ata 39 horas: 0,30 puntos por curso
- De 40 horas ata 100 horas : 0,40 puntos por curso
- De máis de 100 horas: 0,50 puntos por curso.

5.- Polo coñecemento do idioma galego acreditado mediante a certificación acreditativa do nivel de competencia en lingua galega:

Celga 2: 0.25 puntos.

Celga 3: 0.35 puntos.

Celga 4: 0.50 puntos.

Só se valorará o maior nivel.

**Fase de Oposición.-** Considerando que o posto a cubrir esixe que os candidatos superen unha entrevista para valorar e cualificar a idoneidade e coñecementos para desenvolver as tarefas que se describen na Base primeira  
A puntuación máxima será de 6 puntos.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos nas dúas fases, de Concurso e de Oposición.

As cualificacións publicaranse no Taboleiro de Editos do Concello de Negreira, por orde de puntuación, proponendo a Comisión de Selección ao Alcalde-Presidente o nomeamento da persoa que acade a maior puntuación.

#### **SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-**

No prazo máximo dos 5 días seguintes, a contar dende o Decreto de Presidencia de nomeamento, asinarase o correspondente contrato.

#### **OITAVA.- ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN.-**



**CONCELLO DE  
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

Os importes das asistencias á Comisión de Selección será os que se fixen pola norma que, no intre de que se trate, regule as indemnizacións por razón do servizo.

**NOVENA-** No non disposto nestas Bases estarase ó establecido no RD Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, na Lei 7/1985 do 2 de abril do Real decreto lexislativo 781/1986 do 18 de abril do Decreto lexislativo do 1/2008 do 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, no Real decreto 2720/1998 do 18 de decembro e demais disposicións de pertinente aplicación.

No RD 364/1995, de 10 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

#### **DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten son para a participación no presente proceso de selección de persoal, e poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo ao Concello de Negreira con sede na Rúa do Carme nº3 solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candida.os, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei".

#### **ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE CONCELLO DE NEGREIRA.**

FIRMADO POR Manuel Angel Leis Miqueo  
Decreto N.º 17/2020  
Versión imprimible

CVD: wbjKJSqlyEF3qH01R0EX  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

